[PLG/MCPP]

Na sala de comisións do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión non permanete especial de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia,** o día **18 de xaneiro de 2021, ás 11:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Don Ramón Carballo Páez (P)
(Presidente)

Don Xosé Luís Bará Torres (BNG)
(Vicepresidente)

Dona Patricia Otero Rodríguez (S)
(Secretaria)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia (P):
Don José Luis Ferro Iglesias

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don Paulo Ríos Santomé

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Dona Paloma Castro Rey

Letrada:

Dona Purificación López Gómez

PARLAMENTO DE GALICIA

O señor presidente abre a sesión e rógalle á señora secretaria que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión, no entanto, a señora secretaria e o señor vicepresidente abandonan os seus respectivos lugares na Mesa da Comisión de conformidade co establecido no artigo 82 do Regulamento da Cámara.

Punto único.- **Aprobación do Plan de traballo da Comisión**
1475 (11/SCNP-000003) (11/CEPT-000003)

O señor presidente explica o desenvolvemento da sesión. Logo do exame das propostas de plan de traballo presentadas polos grupos parlamentarios nos seus escritos, doc. núm. 6127, do G.P. dos Socialistas de Galicia, e doc. núm. 6136, do G.P. Popular de Galicia, e das áreas de traballo fixadas pola Ponencia constituída pola Comisión de Seguridade Viaria da X Lexislatura, a Mesa da Comisión o pasado día 11 de xaneiro –segundo dispón o artigo 3.d) das normas de funcionamento desta comisión– aprobou, por unanimidade, a proposta de plan de traballo a cuxo debate e votación se procederá nesta sesión, conforme a ordenación proposta pola devandita Mesa (única rolda de cinco minutos por grupo parlamentario)

A seguir, ábrese unha rolda de grupos parlamentarios para fixar a súa posición verbo da proposta de plan de traballo, por un tempo de cinco minutos, por grupo parlamentario, na que interveñen: a señora Otero Rodríguez, dona Patricia (S), o señor Bará Torrres, don Xosé Luis (BNG), e o señor Ferro Iglesias, don José Luis (P), quen logo de expoñer os criterios e obxectivos das súas respectivas propostas de plan de traballo, así como na necesaria elaboración das conclusións, coinciden en destacar o consenso acadado á hora de elaborar o devandito plan.

Ao remate das anteriores intervencións, o señor presidente somete a votación a proposta do plan de traballo da comisión, que resulta aprobada pola unanimidade dos 6 deputados presentes con dereito a voto (que equivalen a 75 votos, en aplicación do criterio de voto ponderado)

O Plan de traballo aprobado pola comisión é do contido literal seguinte:

"**PLAN DE TRABALLO DA COMISIÓN NON PERMANENTE ESPECIAL DA ESTUDO SOBRE A SEGURIDADE VIARIA EN GALICIA**:

1ª FASE. Documentación e Comparecencias
Encomendar a Administración do Parlamento de Galicia que, á maior brevidade posible, poñan a disposición dos membros da Comisión:
1. Toda a documentación reunida na IX e X lexislaturas na Comisión non permanente de estudo sobre a seguridade viaria en Galicia.

PARLAMENTO DE GALICIA

2. Á dita información engadiranse as seguintes comparecencias que figuraban no Plan de Traballo da Comisión da IX e X lexislatura e que non chegaron a substanciarse:
- Director Xeral de Tráfico e Xefes Provinciais de Tráfico.
- Xefe Rexional da Garda Civil de Tráfico.

De non poder comparecer, posibilitar a remisión de informes ou da documentación que corresponda (incluídos os plans en tramitación).

3. Participación cidadá
É importante coñecer a todos aqueles axentes sociais que poidan achegar opinións, experiencias e coñecementos para un mellor desenvolvemento. A participación cidadá deberá garantirse, entre outros mecanismos, habilitando unha plataforma dentro da páxina web do Parlamento. A través dela, a cidadanía terá a posibilidade de trasladar suxestións, inquedanzas e reflexións ao respecto da materia desta comisión.

2ª FASE. Traballo en Ponencia.
Tendo en conta a documentación, informes e comparecencias antes relacionadas, e unha vez constituída, iniciaranse os traballos de elaboración do proxecto de ditame en ponencia, que culminará coa redacción do borrador de documento de conclusións xerais agrupadas por áreas temáticas.

Catálogo de propostas:
- Coordinación e participación
- Propostas técnicas de difusións, promoción e prevención
- Propostas en formación e educación
- Propostas normativas
- Factor humano
- Infraestruturas
- Empresas e transporte profesional. Vehículos agrícolas
- Vítimas. Resposta tras os accidentes
- Investigación e xestión
- Recomendacións

Anexo: Planificación, Avaliación e Seguimento

No transcurso dos traballos da ponencia, se fose necesario para elaborar o proxecto de ditame, a iniciativa dun Grupo Parlamentario, a Comisión decidirá se solicita novos informes, documentos ou aclaracións referidos ao obxecto da comisión.

3ª FASE. Debate e aprobación da proxecto de ditame pola Comisión para a súa elevación ao Pleno.

PARLAMENTO DE GALICIA

4ª FASE. Reunión da Comisión para avaliar o grao de implantación das recomendacións incluídas no ditame aprobado."

Ao non haber máis asuntos que tratar, o señor presidente levanta a sesión.

Remata a sesión ás 11:40 horas.

Ramón Carballo Páez

Firmado digitalmente por Ramón Carballo Páez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Ramón Carballo Páez, email=ramon.carballo.paez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2021.01.25 12:36:20 +01'00'

V. e pr.

Ramón Carballo Páez
Presidente

Patricia Otero Rodríguez

Firmado digitalmente por Patricia Otero Rodríguez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Patricia Otero Rodríguez , email=patricia.otero.rodriguez@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2021.01.21 13:13:57 +01'00'

Patricia Otero Rodríguez
Secretaria da Comisión